

exposición

13 de marzo ao 01 de abril de 2009

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
Praza da Quintana, 3

SANTIAGO DE COMPOSTELA



II EDICION DO CONCURSO
DE IDEAS EN MADEIRA PARA
VIVENDA, MOBILIARIO ES-
PAZOS PUBLICOS, INSTALA-
CIONES PARA O RURAL E RE-
HABILITACIÓN



O FORO DA MADEIRA é un foro público-privado de traballo formación e investigación creado polas Consellerías de Vivenda e Solo, Innovación e industria e Medio Rural xunto coas empresas e institucións do sector da madeira, Cluster da madeira de Galicia, FEARMAGA, FECEG e MONTEINDUSTRIA para representar os intereses asociados ao desenvolvemento do emprego da madeira na construción e outros usos en Galicia.

Entre as actividades que o FORO DA MADEIRA ven realizando dende a súa constitución relacionadas co fomento do uso da madeira com-pre sinalar a realización de cursos dirixidos a técnicos, profesionais e fabricantes; elaboración de estudos e guías técnicas da madeira, publicacións de obras en madeira e o concurso de ideas en madeira.

O FORO DA MADEIRA agradece a todos os concursantes a súa participación nesta edición.



Nesta exposición amosanse os traballos dos participantes presentados nesta II edición do concurso de ideas en madeira dividido en catro modalidades:

MODULO DE VIVENDA EN MADEIRA, anteproxecto de vivenda denominada “Módulo Básico”, con utilización da madeira en elementos estruturais e compoñentes construtivos e que permitan a optimización da vivenda producida en serie, aproveitando as súas vantaxes de lixeireza, traballabilidade e resistencia, en combinación con outros materiais e sistemas.

ELEMENTOS DE MOBILIARIO PARA ESPACIOS PÚBLICOS, serie de elementos deseñados en madeira que permitan a súa futura integración na urbanización integral de espazos libres de uso público (parques, xardíns, prazas, pequenos espazos urbanos e rurais,...), que teñan relevancia polo seu deseño, e tódolos elementos constitutivos do espazo público (mobiliario, quioscos, paradas de transporte público, medianeiras, muros,...)

MÓDULO UNIDADES DOTACIONAIS NO RURAL, anteproxectos de prototipos de naves agrogandeira e/ou forestal experimental, con utilización da madeira en elementos estruturais e compoñentes construtivos e que permitan a súa optimización producida en serie, aproveitando as súas vantaxes de lixeireza, traballabilidade, resistencia e autoconstrución, con posibilidade de crecemento e adecuación as necesidades funcionais.

REHABILITAR EN MADEIRA, edificios rehabilitados ou reconstruídos existentes na Comunidade Autónoma de Galicia nos que a madeira xoga un papel predominante ou característico. Son proxectos xa executados e finalizados de edificacións de uso residencial, institucional, comercial, industrial ou outros.